



DEPARTAMENTO DE CORDA
ESPECIALIDADE VIOLA

**MATERIA: EVOLUCIÓN ESTILÍSTICA DO
REPERTORIO**

**CURSO 1º
OBJECTIVOS**

- Coñecer as características xerais do barroco: ideas predominantes, linguaxe musical, música programática, os afectos, etc.
- Recoñecer as formas musicais barrocas e as características propias dos principais compositores da literatura para corda.
- Relacionar as particularidades do arco e os instrumentos barrocos cos criterios interpretativos.
- Desenvolver criterios para a dixitación, articulación e fraseo en obras e transcricións para viola soa e solista
- Coñecer as características xerais do clasicismo: ideas predominantes, linguaxe musical, harmonía, etc.
- Relacionar os cambios producidos nos instrumentos de corda e o arco con as novas necesidades musicais das obras clásicas.
- Recoñecer las formas musicais clásicas e as características propias dos principais compositores na escritura para viola.
- Desenvolver criterios para a dixitación, articulación e fraseo en obras para viola solista e obras de música de cámara.

CONTIDOS

O barroco: Descrición de este período estilístico, contexto histórico.– Características da música do barroco. –Xéneros e conxuntos instrumentais característicos. –O papel da viola en cada un deles. –Diferencias na viola e o arco con respecto ós actuais, e a súa influencia na técnica e a interpretación. –Dixitar e tomar decisións sobre articulación de obras características de este período. –Análises formal de obras características de este período. –Audición de obras características de este período.



DEPARTAMENTO DE CORDA
ESPECIALIDADE VIOLA

MATERIA: EVOLUCIÓN ESTILÍSTICA DO REPERTORIO

O clasicismo: Descrición de este período estilístico incluída a transición do preclasicismo, contexto histórico.– Características da música do clasicismo. –Xéneros e conxuntos instrumentais característicos. -O papel da viola en cada un deles. – Diferencias na viola e o arco con respecto ós actuais, e a súa influencia na técnica e a interpretación. –Dixitar e tomar decisións sobre articulación de obras características de este período.–Análises formal de obras características de este período. –Audición de obras características de este período.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

O alumno irá desenrolando un traballo ó longo de todo o curso baseado nos contidos expostos en esta programación, traballo que será supervisado, corrixido e ampliado en cada unha das clases. A non presentación da totalidade de este traballo ó final de curso dará lugar a non superación da materia.

A avaliación continua consistirá en:

- Asistencia regular a clase e actitude participativa.
- Entrega puntual dos traballos e exercicios solicitados

En caso de perda da avaliación continua por faltas de asistencia, realizarase un exame no mes de xuño sobre os contidos expostos na programación.

En caso de suspender na convocatoria de xuño realizarase un exame en setembro sobre os contidos expostos na programación.

BIBLIOGRAFÍA

- Robin Stowell: *The Early Violin and Viola* (Cambridge University Press)
- Stanley Sadie: *The new Grove Dictionary of music*
- Stanley Sadie: *Guía Akal de la música*
- *Quodlibet*: Revista de especialización musical
- *The Strad*: Revista especializada
- Hans Vogt: *La música de cámara de J. S. Bach* (Labor)
- Enrico Fubini: *La estética musical desde la Antigüedad hasta el siglo XX*



DEPARTAMENTO DE CORDA
ESPECIALIDADE VIOLA

**MATERIA: EVOLUCIÓN ESTILÍSTICA DO
REPERTORIO**

**CURSO 2º
OBJECTIVOS**

- Coñecer as características xerais do Romanticismo: ideas predominantes, linguaxe musical, estética da expresión.
- Recoñecer as características das obras dos principais compositores.
- Desenrolar criterios para a dixitación, articulación e fraseo en obras para viola solista e música de cámara.
- Afondar na música escrita orixinalmente para viola a finais do século XIX e XX, linguaxes, recursos, etc. A música para viola soa.

CONTIDOS

O romanticismo: ideas principais e marco histórico; a expresión dos sentimentos; desenrolo das formas sonata e concerto. Papel da viola nas diferentes agrupacións instrumentais da época.

O século XX, desenrolo da técnica específica da viola. Obras orixinais para viola.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

O finalizar o curso o alumno deberá ser capaz de:

- Sinalar as ideas socio-culturais e artísticas predominantes no Romanticismo.
- Recoñecer a escritura para viola dos principais compositores e relacionala con a literatura pedagóxica da época.
- Valorar as correntes musicais de finais do século XIX e do século XX en cuanto o uso dos recursos do instrumento.
- Analizar unha partitura romántica dende o punto de vista harmónico, formal, estilístico e técnico: dificultades da man esquerda e dereita, así como saber solucionar problemas de dixitación e articulación para unha posterior interpretación.
- Compoñer unha breve peza para viola soa baseándose no tipo de escritura e linguaxe do século XX.